

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

O AFORCADO:

Cos paneis de letras xogamos por parellas ao **aforcado**. Tratábase de adivinar a palabra que escribiría o contrario.

Un xogo dinámico que nos axuda a traballar a conciencia fonolóxica, o deletreo e a escritura contriúndo desta forma a competencia en **comunicación lingüística**.



AS LETRAS E AS SÍLABAS.

Os nenos e nenas de 1ºC empregamos diversos materiais para traballar as letras. Xa sexa mediante pintura de dedos, ou mesmo con cartón.



XOGOS NO PATIO:

Dado que Lorenzo fixo presenza na nosa Terra, decidimos saír ao patio para seguir aprendendo dunha forma divertida e en movemento. Neste caso fixemos un **xogo de relevos** no que cada neno tiña que observar no depresor que letra tiña e en función da mesma escribir unha palabra coa dita letra. Gañaba o equipo que remataba antes e no que cada integrante escribira correctamente cada palabra.



Ao final do xogo facíamos unha posta en común para leer as palabras e comprobar se estaban ben escritas.

O seguinte xogo foi o **teléfono escacharrado**. O primeiro integrante do equipo tiña que ir ata a pizarra na cal estaba escrita unha palabra. Despois de leela tiña que volver a súa posición e decirlle a palabra ao seguinte compañeiro ao oído. Este proceso repetírase ata que chegue ao último integrante do equipo. Este deberá correr ata xunta a mestra e decirlle dita palabra. Gañará o equipo que antes diga correctamente a mesma.



COMPETENCIA MATEMÁTICA

As figuras como profesores.



Traballamos a dimensión espacial mediante realización dunha figura. Seguindo as instrucción do docente (esquerda, dereita, arriba, abaixo, diagonal...) o alumnado debe facer a mesma figura na súa libreta de cuadrícula seguindo as liñas da mesma.



TRABALLO DAS DECENAS.

Con todo o material da nosa aula traballamos de forma manipulativa as decenas. Deste xeito o alumnado vai adquirindo un concepto abstracto de forma máis visual e sinxela. Os palillos propios do método ABN e o medio habitual para a súa comprensión. A isto engadimoslle o ábaco que facilita o traballo visual. Finalmente tamén empregamos a regletas de decenas e os

cadros das unidades para sobrepoñer 1º unidades = a unha barriña das decenas. Unha forma amena de traballar un concepto de gran dificultade a estas idades.



DEREITA/ESQUERDA: Xogo no que a mestra vai indicando que brazo deben esguer (dereito ou esquerdo). Ademais de afianzar ditos conceptos, traballamos a velocidade de reacción. Gaña aquel que cometa menos erros.

